



OS PRONOMES PERSOAIS



"Natureza" (Pixnio, CC0)



ÍNDICE

OS PRONOMES PERSOAIS

1. OS PRONOMES PERSOAIS.....	1
1.1 Pronomes persoais tónicos.....	1
1.1.1 Olo!.....	1
<i>Exercicios</i>	2
1.1.2 Contraccións.....	2
<i>Exercicios</i>	3
1.2 Pronomes persoais átonos.....	3
1.2.1 Olo!.....	3
<i>Exercicios</i>	4
1.2.2 Contraccións.....	5
<i>Exercicios</i>	6
1.2.3 Colocación do pronome persoal átono.....	7
<i>Exercicios</i>	7
SOLUCIÓN.....	9



1. OS PRONOMES PERSOAIS

Os **pronomes persoais** son palabras que empregas para **nomear a persoas, animais ou cousas** sen empregar substantivos. Estes poden ser de primeira, segunda ou terceira persoa. Os pronomes persoais de **primeira persoa** fan referencia á persoa ou persoas que falan: **Nós** imos ir ao cine. Os de **segunda persoa** aluden á persoa ou persoas que escoitan: **Ti** es unha fantástica persoa. Os de **terceira persoa** refírense á persoa ou persoas de quen se fala: **Ela** está asustada. Ademais, os pronomes persoais poden ser **tónicos** ou **átonos**.

1.1 Pronomes persoais tónicos

Cando usas pronomes persoais tónicos, estes **poden aparecer sós**:

- *Quen é a túa mellor amiga?*
- **Ela**.

Na seguinte táboa podes ver as formas dos pronomes persoais tónicos.

	1ª persoa	2ª persoa	3ª persoa
Singular	Eu, min, comigo.	Ti, vostede, contigo.	Ela, el, si, consigo.
Plural	Nós, nosouttras/-os, connosco.	Vós, vosouttras/-os, vostedes, convosco.	Elas, eles, si consigo.

1.1.1 Olo!

- **Vostede(s)** son de 2ª persoa, porén, van rodeados de elementos en 3ª persoa: *Vostede* (2ª persoa) *terá* (3ª persoa) *cita o próximo xoves*.
- **Nosouttras/-os** e **vosouttras/-os** fan referencia a un **grupo reducido**: *Isto temos que facelo entre todos nós, así que nosouttras fregamos mentres vosoutros cociñades*.
 - Dentro dun único grupo (nós), unha parte (nosouttras) fregamos e outra parte (vosoutros) cociñades.
- **Si** e **consigo** poden estar en singular ou plural.
 - **Ela** pensa en **si** (singular) mesma.
 - **Elas** pensan en **si** (plural) mesmas.
 - **Ela** está enfadada **consigo** (singular).
 - **Elas** están enfadadas **consigo** (plural).



EXERCICIOS

Exercicio 1

Completa as oracións con pronomes persoais tónicos:

- chegastes antes.
- son bombeiras.
- estudas moito.
- síntome moi orgullosa de ti.
- está cansa.
- encontramos piso.

Exercicio 2

Subliña os pronomes persoais tónicos:

- Ela veu cara a min para contar o sucedido con vós.
- Imos dividir a clase en dous grupos para facer o exercicio; vosoutras fixádevos na primeira parte e o resto na segunda.
- Elas son unha egoístas, só se centran en si mesmas.
- Vostedes non saben nada.
- Eu non trouxen coche, polo que pensaba que podía ir convosco.
- Ti falaras con nós nunha festa o ano pasado.
- Reflexionará consigo mesma e darase conta do que fixo.

1.1.2 Contraccións

Debes ter en conta que os pronomes persoais tónicos **el, ela, eles, elas** poden contraer coas preposicións **de** e **en**:

	el	ela	eles	elas
de	del	dela	deles	delas



en	nel	nela	neles	nelas
----	-----	------	-------	-------

Así pois, **delas** é unha **contracción** de **de** (preposición) + **elas** (pronome persoal tónico).

EXERCICIOS

Exercicio 3

Subliña as contraccións formadas por preposición mais pronome persoa tónico:

- Sospeitaron dela desde o principio.
- Desde que ten moza non para de pensar nela todo o tempo.
- Esta roupa é deles tres, que a recollan axiña.
- Sara é moi traballadora, toda a clase estuda polos apuntamentos dela.
- Revisa eses documentos, o que buscas ten que estar neles.

1.2 Pronomes persoais átonos

Os pronomes persoais átonos nunca poden aparecer sós, se te fixas, **sempre van ao lado do verbo**. Poden ir despois do verbo formando unha única palabra (*Véxoa ben*) ou poden ir antes do verbo (*Non a vexo ben*).

Na seguinte táboa podes ver os pronomes persoais átonos.

	1ª persoa	2ª persoa	3ª persoa
Singular	Me.	Te, che.	O, lo, no, a, la, na, lle, se..
Plural	Nos.	Vos.	Os, los, nos, as, las, nas, lles, se.

1.2.1 Olló!

- Emprégase **-lo, -la, -los, -las** cando o verbo remata en -r ou -s:
 - Mercas pan? > Mércalo?
 - Mercar pan é unha tarefa diaria. > Mercalo é unha tarefa diaria.
- Emprégase **-no, -na, -nos, -nas** cando o verbo remata en dúas vogais:

- Merque**i** pan. > Merque**ino**.
- Emprégase **-o, -a, -os, -as** no resto dos casos:
 - Merca**a** pan. > Mérc**ao**.
 - Merco**o** pan. > Mérc**oo**.
 - Non merques pan > Non **o** merques.
- Emprégase **lle** para o singular e **lles** para o plural:
 - Merquei **a ela** pan. > Merque**ille** pan.
 - Merquei **a elas** pan. > Merque**illes** pan.
- Emprégase **se** tanto para o singular como para o plural:
 - Ela encontr**ouse** mal. **Singular.**
 - Elas encontráron**se** mal. **Plural.**
- Para diferenciar **te** e **che** propóñoche transformar a oración en 3ª persoa do singular. Así pois, **te** pasa a "o, lo, no", mentres **che** pasa a "lle":
 - De**iche** a ti unha aperta. > De**ille** a ela unha aperta.
 - Vint**e** a ti no parque. > Vin**o** a el no parque.



EXERCICIOS

Exercicio 4

Subliña os pronomes persoais átonos que atopes nas seguintes oracións:

- O libro que me regalaches lino onte pola tarde.
- Non te podes fiar de calquera.
- A miña filla aínda non se viste soa.
- Non vos preocupedes tanto e sede máis positivas.
- Non as encontraches?
- Contáronnos todo sen preguntarlles nada.
- Xa che deron a boa noticia?

Exercicio 5

Substitúe as **secuencias subliñadas** por o(s), lo(s), no(s), a(s), la(s) ou na(s).

- Estudar estes apuntamentos non é unha tarefa doada.
- Teño as cartas aquí.
- Encontraches o pantalón que querías?
- Lembrar o pasado non foi fácil.
- Encontrei unha boa solución.
- Tes diñeiro?
- Tirou o lixo porque llo pedín.

Exercicio 6

Completa con **te** ou **che**:

- Mañá acompañarei..... a ti ao teatro.
- Comentei..... a ti o meu problema.
- Dou..... a ti o libro que me deixaras hai meses.
- Quen dixo a ti que iso era verdade?
- Recóollo..... a ti ao saíres de traballar.
- O can vai morder..... unha perna se non o deixas tranquilo.

1.2.2 Contraccións

Debes ter en conta que os pronomes persoais átonos **me, che, lle, nos vos, lles** contraen cos pronomes persoais átonos **o, a, os, as**:

	o	a	os	as
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas



nos	nolo	nola	noles	nolas
vos	volos	vola	volos	volas
lles	llelo	llela	llelos	llelas

A seguir, indícoche a través de exemplos como acabas formando ti estas contraccións no teu día a día:

- Clara preguntou a ti (che) o teu nome (o).
 - Che+o= cho.
 - Clara preguntoucho.
- Dixen a vós (vos) as notas (as).
 - Vos+as= volas.
 - Díxenvolas.
- Dei a elas (lles) un bico (o).
 - Lles+o= llelo.
 - Déillelo.



EXERCICIOS

Exercicio 7

Volve escribir as seguintes oracións **substituíndo** as secuencias subliñadas por pronomes persoais átonos e **facendo** as contraccións correspondentes coma no exemplo:

- Ela mirou a min (me) o vestido (o).
 - Me+o= mo
 - Ela miroumo.
- Contei a ti unha lenda.
- A profesora de galego explicou ás alumnas os pronomes.
- Marta e Alberte dixeron a vós un segredo.
- Preparou á moza a cea.

- Comentou a nós a súa nova idea.

1.2.3 Colocación do pronome persoal átono.

Por regra xeral, **en galego o pronome persoal átono debes colocalo despois do verbo** formando unha única palabra: *Viu**me** onte*. Ademais, en galego unha oración nunca pode comezar por pronome persoal átono: ***Me**-viu onte*.

En cambio, **hai contextos nos que debes colocar o pronome persoal átono antes do verbo**. A continuación, detállanse algunhas desas situacións para que as teñas en conta:

- **Oracións negativas:** *Nunca **me** viu, Non **me** viu, Ninguén **me** viu.*
- **Oracións que expresan desexo:** *Oxalá **me** vexa.*
- **Oracións que expresan dúbida:** *Talvez **me** vexa.*
- **Oracións interrogativas ou exclamativas** introducidas por unha partícula: *Quen **me** viu?, Que **me** viu!*
- **Oracións introducidas por *nunca, sempre, xa, axiña, tamén...*:** *Nunca **me** viu, Xa **me** viu.*
- **Oracións introducidas por *alguén, algo, ambas/-os, calquera, todo...*:** *Alguén **me** viu, Calquera **me** viu.*
- **Oracións subordinadas**, é dicir, oracións que están dentro doutras: *Díxome **que me** viu onte, Preguntoume **se me** vira onte, Díxome **cando me** viu, Díxome **onde me** viu onte.*



EXERCICIOS

Exercicio 8

Coloca no lugar adecuado **o pronome persoal átono** que figura ao final da oración:

-Contarei..... a verdade. (che)
- Nunca vin..... pola miña aldea. (vos)
- Quizais pida..... axuda ás miñas amigas. (lles)
- Oxalá escoite.....! (nos)
- Tamén preguntou..... a min. (me)



- Cando viches..... por primeira vez? (as)



SOLUCIÓN

Exercicio 1

Completa as oracións con pronomes persoais tónicos:

- **Vós** chegastes antes.
- **Elas** son bombeiras.
- **Ti** estudas moito.
- **Eu** síntome moi orgullosa de ti.
- **Ela** está cansa.
- **Nós** encontramos piso.

Exercicio 2

Subliña os pronomes persoais tónicos:

- Ela veu cara a min para contar o sucedido con vós.
- Imos dividir a clase en dous grupos para facer o exercicio; vosouttras fixádevos na primeira parte e o resto na segunda.
- Elas son unha egoístas, só se centran en si mesmas.
- Vostedes non saben nada.
- Eu non trouxen coche, polo que pensaba que podía ir convosco.
- Ti falaras con nós nunha festa o ano pasado.
- Reflexionará consigo mesma e darase conta do que fixo.

Exercicio 3

Subliña as contraccións formadas por preposición mais pronome persoa tónico:

- Sospeitaron dela desde o principio.
- Desde que ten moza non para de pensar nela todo o tempo.
- Esta roupa é deles tres, que a recollan axiña.



- Sara é moi traballadora, toda a clase estuda polos apuntamentos **dela**.
- Revisa eses documentos, o que buscas ten que estar **neles**.

Exercicio 4

Subliña os pronomes persoais átonos que atopes nas seguintes oracións:

- O libro que **me** regalaches lino **o** onte pola tarde.
- Non **te** podes fiar de calquera.
- A miña filla aínda non **se** viste soa.
- Non **vos** preocupedes tanto e sede máis positivas.
- Non **as** encontraches?
- Contáron**nos** todo sen preguntar**lles** nada.
- Xa **che** deron a boa noticia?

Exercicio 5

Substitúe as secuencias subliñadas por o(s), lo(s), no(s), a(s), la(s) ou na(s).

- Estudar estes apuntamentos non é unha tarefa doada.
 - Estuda**los** non é unha tarefa doada.
- Teño as cartas aquí.
 - Téño**as** aquí.
- Encontraches o pantalón que querías?
 - Encontráche**lo**?
- Lembrar o pasado non foi fácil.
 - Lembra**lo** non foi fácil.
- Encontrei unha boa solución.
 - Encontrei**na**.
- Tes diñeiro?



- Telo?
- Tirou o lixo porque llo pedín.
 - Tirouno porque llo pedín.

Exercicio 6

Completa con **te** ou **che**:

- Mañá acompañarei te a ti ao teatro.
- Comentei che a ti o meu problema.
- Dou che a ti o libro que me deixaras hai meses.
- Quen che dixo a ti que iso era verdade?
- Recóllote te a ti ao saíres de traballar.
- O can vai morder che unha perna se non o deixas tranquilo.

Exercicio 7

Volve escribir as seguintes oracións **substituíndo** as secuencias subliñadas por pronomes persoais átonos e **facendo** as contraccións correspondentes coma no exemplo:

- Conteí a ti unha lenda.
 - Che+a= cha. Conteí cha.
- A profesora de galego explicou ás alumnas os pronomes.
 - Lles+os= llelos. A profesora de galego explicou llelos.
- Marta e Alberte dixerón a vós un segredo.
 - Vos+o= volo. Marta e Alberte dixéron volo.
- Preparou á moza a cea.
 - Lle+a= lla. Preparou lla.
- Comentou a nós a súa nova idea.
 - Nos+a= nola. Comentou nola.



Exercicio 8

Coloca no lugar adecuado **o pronome persoal átono** que figura ao final da oración:

- Contarei**che** a verdade. (che)
- Nunca **vos** vin pola miña aldea. (vos)
- Quizais **lles** pida axuda ás miñas amigas. (lles)
- Oxalá **nos** escoite! (nos)
- Tamén **me** preguntou a min. (me)
- Cando **as** viches por primeira vez? (as)